

INSTRUCCIÓN I/2022 DA VICERREITORIA DE POLÍTICA CIENTÍFICA SOBRE A AUTORIZACIÓN DE PERMISOS PARA A ASISTENCIA A CONGRESOS, XORNADAS, ETC DO PERSOAL CONTRATADO CON CARGO A ACTIVIDADES, PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN E PROGRAMAS DE RECURSOS HUMANOS

OBRIGATORIEDADE DO REXISTRO DOS PERMISOS DE AUSENCIA

O desenvolvemento das actividades de investigación do persoal contratado con cargo a actividades, proxectos de investigación e programas de recursos humanos precisan realizar ausencias temporais fóra da USC para realizar actividades vinculadas coas función que se desenvolvan.

Estas ausencias do posto de traballo derivadas de actividades de investigación deben, contar **en todos os casos**, cunha **autorización previa da Vicerreitoría de Política Científica**, e por este motivo establécese un procedemento para a súa xestión e comunicación aos distintos órganos.

REXISTRO DOS PERMISOS DE AUSENCIA POR PARTE DA USC

A USC ten a obriga de comunicar en todos os casos as solicitudes de ausencia derivadas de actividades de investigación na Seguridade Social co fin de que conste que os desprazamentos están vinculados á actividade laboral desenvolvida no posto de traballo polo que é necesario que tódolos permisos se soliciten cunha **antelación mínima de cinco (5) días** para que se poida realizar este rexistro.

A duración do permiso polo tempo establecido na súa solicitude **será válido** sempre que no transcurso da súa ausencia, a persoa interesada segue a ter vinculación contractual coa USC. A persoa solicitante no momento de realizar a súa solicitude declara que durante o transcurso do mesmo cumpre o requisito de vinculación coa USC.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DOS PERMISOS DE AUSENCIA

Non poderán ser tramitadas aquelas solicitudes que se reciban nun prazo **inferior a 5 días** ao inicio da ausencia.

CASOS ESPECIFICOS DE AUTORIZACIÓN DE PERMISOS DE ESTADÍAS PARA O PERSOAL VINCULADO A CONVOCATORIAS DE RECURSOS HUMANOS DE INVESTIGACIÓN

No caso de contratos vinculados a convocatorias de recursos humanos, existen singularidades en función da convocatoria, que precisen dunha autorización previa ou comunicación ao órgano financiador polo que deberá terse en conta o procedemento diferenciado segundo sexa o caso:

Contrato Predoutorais Xunta de Galicia

Os períodos de ausencia temporais en ningún caso poderán superar os 6 meses ao longo dos catro anos de contrato, nin poderán realizarse nos últimos 6 meses do contrato.

- Para ausencias temporais de **ata 7 días** do centro de adscrición será necesario realizar a solicitude de autorización de permisos da USC, pero non será necesario a comunicación á Secretaría Xeral de universidades.
- No caso de ausencias temporais de **mais de 7 días**, ademais de realizar a solicitude de autorización deberán achegar unha breve **memoria descriptiva** dos traballos a realizar durante a súa ausencia e, de ser o caso, a **carta de aceptación do centro receptor**.

Contratados Predoutorais FPU

Os períodos de ausencia temporal en ningún caso poderán superar os 9 meses ao longo dos catro anos de contrato, nin poderán realizarse nos últimos 6 meses do contrato. (Para os beneficiarios da convocatoria do 2021 os meses que non poderán superar ao longo dos catro anos de contrato será de 12 meses)

- Para ausencias temporais de **ata 15 días** do centro de adscrición será necesario realizar a solicitude de autorización de permisos da USC, pero non será necesario a comunicación ao Ministerio.
- No caso de ausencias temporais de **mais de 15 días**, ademais de realizar a solicitude de autorización deberán achegar o **seguinte formulario** que deberá anexar á solicitude de autorización.

Contratados Predoutorais FPI

Os períodos de ausencia temporal deberán ter en conta o seguinte

- Para ausencias temporais de **ata 15 días** do centro de adscrición será necesario realizar a solicitude de autorización de permisos da USC, pero non será necesario a comunicación á Secretaría Xeral de universidades.

- No caso de ausencias temporais de **mais de 15 días**, ademais de realizar a solicitude de autorización deberán anexar o formulario segundo sexa o caso:
 - a) Solicitudes sen financiamento por parte do Ministerio. [Enlace](#)
 - b) Solicitudes con financiamento por parte do Ministerio. [Enlace](#)

Outros contratados Predoutorais

Ademais da solicitude xeral de autorización debera terse en conta o establecido nas cláusulas do convenio ou convocatoria que financia o contrato, no relativo a ausencias temporais.

Contrato Posdoutorais Xunta de Galicia

- Para ausencias temporais de **ata 7 días** do centro de adscrición será necesario realizar a solicitude de autorización de permisos da USC, pero non será necesario a comunicación á Secretaría Xeral de universidades.
- Os períodos de ausencia temporal por estadias superiores a **7 días** serán autorizadas pola Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia para casos excepcionais, e en calquera caso deberán anexar á solicitude de autorización, os seguintes documentos:
 - ✓ Breve memoria descriptiva dos traballos a realizar no centro de destino.
 - ✓ Autorización da centro receptor e autorización do responsable do grupo da USC

Outros contratos Posdoutorais

Ademais da solicitude Xeral de autorización deberase ter en conta o establecido nas cláusulas do convenio ou convocatoria que financia o contrato, no relativo a ausencias temporais.

INFORMACIÓN RELATIVA Á XUSTIFICACIÓN DOS GASTOS DERIVADOS DE ESTADÍAS DE INVESTIGACIÓN.

En casos dunha ausencia que implique gastos derivados dun desprazamento, e co fin de recuperar os mesmos, deberase achegar ao Responsable de Asuntos Económicos do seu centro, unha copia da autorización aprobada da súa solicitude de ausencia.

Para consultas relativas a este procedemento pode poñerse en contacto no seguinte enderezo electrónico investigacion@usc.gal

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: VICENTE PEREZ MUÑUZURI, NIF ***6729**, 01/04/2022 17:22:15.

CSV: DE0B-55C1-4749-A12A